

PROCEDIMENTO PARA SUBSCRIBIR COMPROMISOS EDUCATIVOS E DE CONVIVENCIA COAS FAMILIAS

1. INTRODUCCIÓN

Todas as actuacións do proceso de ensinanza-aprendizaxe que desenvolve o centro teñen por obxecto ao seu alumnado e van encamiñadas ao máximo logro do seu desenvolvemento persoal e das súas capacidades. Non obstante a educación de cada alumno/a é o resultado dos esforzos conxuntos do centro como institución, de cada alumno e das súas familias.

O fogar é a fonte fundamental de valores, hábitos e actitudes para os seus fillos, que dende o primeiro momento deben entender e percibir a escola e as diferentes ensinanzas como aposta imprescindible de futuro persoal e profesional. Deste xeito, a participación activa das familias no proceso educativo, tanto na escola como no fogar, proporcionando o apoio esencial, a axuda e os valores axeitados cara o centro, o estudo e a convivencia, aumenta significativamente as expectativas e o potencial dos seus fillos e, como consecuencia, o éxito académico e maduración afectiva e relacional adecuadas.

Por tanto, as familias xogan un papel fundamental no proceso educativo dos seus fillos e fillas polo que, como institución, buscaremos establecer unha serie de compromisos que teñan por obxecto a mellora na formación educativa dos seus fillos e o bo funcionamento do centro.

2. O COMPROMISO EDUCATIVO. LOMCE

Os pais e nais ou titores legais do alumnado poderán subscribir co centro docente un compromiso educativo para procurar un adecuado seguimento do proceso de aprendizaxe dos seus fillos. Este compromiso educativo está especialmente indicado para o alumnado que presente **dificultades de aprendizaxe** e ten por obxecto **estimular e apoiar o proceso educativo** deste alumnado e **estreitar a colaboración co profesorado** que o atende.

Poderán subscribirse en determinados momentos do curso, por iniciativa da xunta de avaliación ou da familia do alumno ou alumna.

Dos termos concretos de cada compromiso deberá quedar **constancia por escrito** nun documento que tamén recollerá as datas de revisión coa familia e, se é o caso, co equipo docente. Así mesmo, deberá quedar constancia da posibilidade de modificalo ou suspendelo no caso de incumprimento por algunha das partes ou de que as medidas adoptadas non estean a dar o resultado esperado.

O Consello Escolar estará debidamente informado dos compromisos educativos subscritos no centro, a fin de garantir a súa efectividade e propor a adopción de medidas e iniciativas no caso do seu incumprimento.

Criterios, procedemento e responsables para a subscrición dos compromisos educativos:

- a) A proposta de subscribir o compromiso educativo será realizada polo correspondente equipo educativo na avaliación inicial, para o alumnado ao que se lle propoña algunha MAD (agrupamentos, apoio dun 2º profesor ou PT, programa de reforzo ou recuperación, programas específicos), ou despois de analizar os resultados da primeira ou segunda avaliación, neste caso a proposta será ofrecida polo titor/a ás familias do alumnado con **tres ou máis materias non superadas** na avaliación ou cando se considere que pode non acadar as *competencias clave*.
- b) As familias tamén poderán propor ao titor/a a subscrición dun compromiso educativo cando consideren que os resultados académicos e o rendemento dos seus fillos non é o adecuado.

- c) Os termos concretos de cada compromiso serán establecidos polo titor/a con cada familia nunha reunión de tutoría. Elaborará o documento segundo o **Anexo I** no que se recollerá as datas de revisión coa familia e, se é o caso, co equipo docente.
- d) As tutorías darán traslado dunha copia do documento suscrito e unha vez asinado polas partes á dirección do centro, para a súa incorporación ao expediente do alumno/a.
- e) Cada profesor/a valorará o progreso educativo do alumno/a e no período fixado e poderá facer as observacións que estime oportunas, de todo o que informará ao titor/a (**Anexo III**).
- f) Nos prazos establecidos, as tutorías analizarán conxuntamente coas familias a evolución do alumnado, reforzando positivamente o cumprimento dos compromisos ou calquera mellora, por leve que sexa, e a implicación das familias en todo o proceso.
- g) O titor/a irá completando o documento de seguimento do compromiso, dando informe á dirección (**Anexo IV**).
- h) O director/a supervisará estas actuacións e manterá informado ao Consello Escolar sobre o cumprimento e a efectividade dos compromisos establecidos.
- i) Non caso de incumprimento por algunha das partes, a dirección poderá convocar a ambas partes para requirir o necesario cumprimento, para facilitar a mutua colaboración e ofrecer novas medidas ou alternativas, mesmo a suspensión do compromiso (**Anexo V**).

3. O COMPROMISO DE CONVIVENCIA. LEI CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN.

As familias do alumnado que presente **problemas de conduta** e de **aceptación das normas** escolares poderán subscribir co centro docente un compromiso de convivencia, co obxecto de establecer mecanismos de coordinación e colaboración co profesorado e con outros profesionais que atenden ao alumnado, na aplicación das medidas que se propoñan, tanto para as actividades escolares como para as complementarias e extraescolares.

En todos os casos de condutas contrarias á convivencia nos que se aplicase algunha corrección, poderanse suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se o alumno/a corrixido, ou de ser o caso, os proxenitores ou responsables do alumno/a asinan un compromiso educativo para a convivencia.

Non obstante, o titor/a poderá propor subscribir un compromiso de convivencia por iniciativa propia (ou suxerida polo equipo educativo) ou por iniciativa da familia do alumno, en calquera momento do curso e sen necesidade de ningún procedemento corrector ou sanción previa.

Nos compromisos de convivencia, dos que quedará **constancia por escrito**, estableceranse medidas concretas para superar a situación de rexeitamento escolar que presenta o alumno/a, as obrigas que asume cada unha das partes para o desenvolvemento de ditas medidas e a data e os canles de avaliación da efectividade das mesmas. Así mesmo, deberá quedar constancia da posibilidade de modificar o compromiso, no caso de incumprimento por algunha das partes ou que as medidas adoptadas non dean o resultado esperado.

O Consello Escolar, a través da Comisión de Convivencia, realizará a supervisión dos compromisos de convivencia subscritos no centro para garantir a súa efectividade e propor a adopción de medidas e iniciativas no caso do seu incumprimento.

Criterios para a subscrición de compromisos de convivencia:

- a) Este compromiso proporase para o alumnado que non acepta as normas establecidas na aula ou no centro, é dicir, con condutas disruptivas ou contrarias ás normas de convivencia do centro que sexan susceptibles de converterse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

- b) Non son de aplicación para o alumnado con faltas leves puntuais, nin nos casos reincidentes nos que despois de aplicar outras medidas preventivas e/ou correctoras, non modificaron a súa actitude e non manifestan intención de mellorar ou non hai colaboración da familia.
- c) As familias tamén poderán solicitar un compromiso de convivencia de modo preventivo sen haber existido ningunha sanción, nos casos de alumnado con historial de faltas de asistencia ou puntualidade sen xustificar, con dificultades de atención e aprendizaxe que adoiten derivar en problemas de conduta ou con dificultades para a súa integración escolar.
- d) Os obxectivos estarán en consonancia cos deseñados no Plan de Convivencia, tales como o de diminuír o número condutas disruptivas que perturba o clima da clase ou o ambiente escolar, previr a comisión de condutas graves e o de favorecer a resolución pacífica e formativa dos conflitos mediante o diálogo e o compromiso.

Protocolo de subscrición e seguimento dos compromisos de convivencia:

- a) A proposta de subscribir un compromiso de convivencia será realizada pola titoría por iniciativa propia, do equipo educativo ou por petición da familia do alumno/a.
- b) As titorías darán traslado á dirección do centro de calquera proposta de compromiso de convivencia, con carácter previo a súa subscrición, para que esta verifique o cumprimento das condicións previstas no **Plan de Convivencia** para a aplicación desta medida. Unha vez verificadas as condicións, o director/a autorizará ao titor/a para que o subscriba.
- c) Os compromisos de convivencia adoptaranse por escrito segundo o modelo que se achega como **Anexo II**. Establecerá os obxectivos e as medidas concretas para superar a situación de rexeitamento escolar que presenta el alumnado, as obrigas que asume cada unha das partes e a data e os canles de avaliación da efectividade das mesmas.
- d) O titor/a dará traslado dunha copia do documento suscrito e unha vez asinado polas partes á dirección do centro, para a súa incorporación ao expediente do alumno/a.
- e) Cada profesor/a valorará no período fixado o comportamento, positivo ou negativo, do alumno/a durante as clases e actividades complementarias ou extraescolares e poderá facer as observacións que estime oportunas, de todo o que informará ao titor (**Anexo III**).
- f) O titor/a manterá reunións e outros contactos, coa periodicidade acordada coas familias do alumnado implicado, para informarlles da evolución do seu fillo ou filla no centro e coñecer os avances realizados nos compromisos adquiridos pola familia.
- g) O titor/a irá completando o documento, dando informe á dirección (**Anexo IV**).
- h) O director/a trasladará esta información á Comisión de Convivencia para que supervise o seu cumprimento e a súa efectividade.
- i) A Comisión de Convivencia propondrá a adopción de medidas e iniciativas no caso de incumprimento, entre as que se poderá contemplar a anulación do mesmo (**Anexo V**).

ANEXO I: **MODELO DE COMPROMISO EDUCATIVO**

1. IDENTIFICACIÓN DAS PERSOAS QUE SUBSCRIBEN O COMPROMISO

Alumno/a: _____, Curso e grupo: _____
Representante legal do/a alumno/a D./D^a _____,
Titor/a do alumno/as D./D^a _____.

2. MOTIVOS COMPROMISO

- Dificultades de aprendizaxe relacionadas co incumprimento do deber de estudo.
- Falta de resposta positiva, con dedicación e esforzo, ás medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Alumnado con máis de catro materias suspensas.

3. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN

Ambas partes comparten que a educación necesita a actuación conxunta das familias e do centro educativo e manifestan a súa disposición a cooperar para estimular e apoiar o proceso educativo do alumno/a. Por iso acordan colaborar para conseguir os seguintes obxectivos:

- Coñecer, compartir e facilitar o logro dos obxectivos educativos adecuados para o alumno/a.
- Comunicarse de maneira habitual e positiva sobre o progreso do alumno/a.
- Mellorar os resultados escolares do alumno/a
- Mellorar os hábitos de estudo e esforzo do alumno/a
- Mellorar a autonomía e a responsabilidade do alumno/a para a realización das tarefas escolares.
- Outros ...

4. COMPROMISOS QUE SE ADQUIREN

Para a consecución dos obxectivos anteriores, comprométese a:

Por parte da familia

- Xustificar debidamente as faltas do seu fillo/a (enfermidade con certificado ou informe médico, deber inexcusable por citación ou similar, morte ou enfermidade de familiar 1º ou 2º grao, tramitación de documentos oficiais, presentación a exames, indisposicións ata máximo 2 días)
- Proporcionar, na medida das súas posibilidades, os recursos e as condicións necesarias para o progreso escolar, ambiente e horario de estudo e coidado do material.
- Axudar ao seu fillo ou filla a cumprir o horario de estudo na casa.
- Colaborar no control da realización das tarefas escolares do alumno/a.
- Supervisar diariamente a súa axenda de tarefas escolares e velar pola entrega puntual.
- Manter unha comunicación fluída co titor/a. Asistir polo menos unha vez ao trimestre ao centro para entrevistarse co titor/ra do seu fillo/a, para informarse persoalmente da evolución, progresos e dificultades.
- Asistir ás reunións xerais que se levarán a cabo ao inicio de cada trimestre con obxecto de informarse sobre os aspectos que considere o titor relativos ao funcionamento do grupo e sobre as avaliacións obtidas.
- Fomentar o respecto por todos os membros da comunidade educativa e absterse de facer comentarios difamatorios que menoscaben a integridade moral do persoal que traballa no centro ou que danen a imaxe da institución.
- Participar de maneira activa nas actividades que se leven a cabo no centro co obxecto de mellorar o rendemento académico dos seus fillos.

Compromisos Educativos e de Convivencia

- Facilitar a participación do seu fillo/a nas actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan no centro.
- Coñecer o Proxecto Educativo do Centro e as súas Normas de Convivencia.
- Facilitar toda aquela información que poida incidir ou afectar dalgún modo o proceso de ensino-aprendizaxe do seu fillo/a.

Por parte do/a alumno/a

- Fixar un horario de estudo na casa que será acordado co titor/a e co pai, nai ou titor legal.
- Anotar os deberes e as datas de exames na súa axenda escolar.
- Traer diariamente as tarefas feitas.
- Coidar o material tanto propio como do centro.
- Respetar a función de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Participar nas actividades complementarias e extraescolares que se leven a cabo.
- Coñecer e respectar as Normas de organización e funcionamento do Centro que lle afecten.

Por parte do centro

- Informar por escrito ao pai ou nai do alumno/a que reciben reforzo, apoio e/ou ten adaptación curricular.
- Supervisar semanalmente/quincenalmente a planificación de traballo e de estudo que o alumno/a realiza na clase e na casa.
- Contactar coa familia ante calquera problema do seu fillo/a e que requira a atención da familia.
- Atender o antes posible aos pais e nais que soliciten reunións individuais para informarse sobre o rendemento académico do seu fillo ou filla.
- Manter unha reunión ao trimestre cos pais e nais para informalos da avaliación do rendemento académico do seu fillo/a.
- Facilitar a adquisición de hábitos de estudo e apoio pedagóxico necesario para conseguir a plena integración escolar do alumno/a.
- Velar pola seguridade dos seu fillo/a nas actividades complementarias e extraescolares que se leven a cabo.
- Formar á familia en aqueles aspectos que poidan ser determinantes para a aprendizaxe do seu fillo na aula.
- Colaborar coa familia, dentro de nosas competencias e límites de actuación, en todo aquilo que permita mellorar a estancia do alumno no Centro (aspectos sanitarios, adaptacións físicas, etc.)
- Informar puntualmente dos eventos e actividades programados polo centro da maneira que se considere máis áxil e eficaz.
- Proporcionar canles de participación suficientes á familia para que poidan expresar as súas opinións e críticas construtivas, co ánimo de mellorar a labor formativa del Centro.

5. DURACIÓN E SEGUIMENTO DO CUMPRIMENTO

Este compromiso educativo terá unha duración de _____,

O cumprimento do anterior será revisado polos subscribintes nas datas que se sinalan, poderá ser modificado no caso de incumprimento dalgunha das partes ou de que as medidas adoptadas non dean o resultado esperado.

Datas e canles de revisión do compromiso:

Actuacións en caso de incumprimento:

Compromisos Educativos e de Convivencia

A Coruña, ____ de _____ de 20__.

Vº Bº: O director

O/A Titor/a

O Pai / A nai

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Asdo.: _____

ANEXO II: MODELO DE COMPROMISO DE CONVIVENCIA

1. IDENTIFICACIÓN DAS PERSOAS QUE SUBSCRIBEN O COMPROMISO

Alumno/a: _____, Curso e grupo: _____

Representante legal do/a alumno/a D./D^a _____,

Titor/a do alumno/as D./D^a _____ .

2. MOTIVOS COMPROMISO

- Alumno/a que non acepta as normas establecidas na aula ou no centro, é dicir, con condutas disruptivas ou contrarias ás normas de convivencia do centro que sexan susceptibles de converterse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- Alumno/a con historial de faltas de asistencia ou puntualidade sen xustificar, con dificultades de atención e aprendizaxe que adoiten derivar en problemas de conduta.
- Alumno/a con dificultades para a súa integración escolar.

3. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN

Ambas partes comparten que a educación necesita a actuación conxunta das familias e do centro educativo e manifiestan a súa disposición a cooperar para estimular e apoiar o proceso educativo do alumno/a. Por iso acordan colaborar para conseguir os seguintes obxectivos:

- Coñecer, compartir e facilitar o logro dos obxectivos educativos adecuados para o alumno/a.
- Comunicarse de maneira habitual e positiva sobre o progreso do alumno/a.
- Mellorar o comportamento do alumno/a e a súa aceptación das normas do centro.
- Mellorar a súa actitude cara as persoas da comunidade educativa e relacionarse de maneira respectuosa e colaboradora.
- Mellorar a integración escolar do alumno/a no centro.
- Outros

4. COMPROMISOS QUE ADQUIRE A FAMILIA

- Favorecer e controlar a asistencia diaria e puntual do/a alumno/a ao centro
- Facilitar e controlar a asistencia ao centro cos materiais necesarios para as clases.
- Colaborar para a realización das tarefas propostas polo profesorado.
- Colaborar para a modificación da conduta do/a alumno/a e no seguimento dos cambios que se produzan.
- Colaborar no cumprimento das correccións que, no seu caso, se impoñan ao/á alumno/a.
- Entrevista semanal/quincenal/mensual co titor/a sobre a actitude e conduta do/a alumno/a para a valoración e revisión das medidas e, se é o caso, modificación ou axuste das mesmas.
- Colaborar para mellorar por parte do/a alumno/a a percepción e valoración do centro e do profesorado.
- Outros:

5. COMPROMISOS QUE ADQUIRE O CENTRO

- Realizar o control diario e informar inmediatamente aos representantes legais no caso de ausencia do alumno/a.
- Realizar o seguimento e proporcionar información á familia sobre os cambios que se produzan na súa actitude.
- Aplicar medidas preventivas individualizadas adaptadas ao/á alumno/a para mellorar a súa actitude (Aula de Convivencia, mediación, etc.).

Compromisos Educativos e de Convivencia

- Realizar entrevistas entre o representante legal do/a alumno/a e o titor/a coa periodicidade establecida.
- Informar detalladamente e por escrito á familia, ao menos unha vez ao finalizar o trimestre, sobre o logro de obxectivos, cumprimento de tarefas e progreso escolar.
- Facilitar o apoio pedagóxico necesario para conseguir a plena integración escolar do alumno.
- Formar á familia en aqueles aspectos que poidan ser determinantes para a convivencia e integración do seu fillo na aula e no centro.
- Colaborar coa familia, en todo aquilo que permita mellorar a estancia do alumno no Centro (aspectos sanitarios, adaptacións físicas, etc.)
- Proporcionar canles de participación suficientes ás familias para que poidan expresar as súas opinións e críticas construtivas, co ánimo de mellorar a labor formativa del Centro.
- Facilitar a coordinación das actuacións con outros profesionais ou institucións.

6. DURACIÓN E SEGUIMENTO DO CUMPRIMENTO

Este compromiso educativo terá unha duración de _____,

O cumprimento do anterior será revisado polos subscribintes nas datas que se sinalan, poderá ser modificado no caso de incumprimento dalgunha das partes ou de que as medidas adoptadas non dean o resultado esperado.

Datas e canles de revisión do compromiso:

Actuacións en caso de incumprimento:

A Coruña, ____ de _____ de 20__.

Vº Bº: O director

O/A Titor/a

O Pai / A nai

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Asdo.: _____

ANEXO III: SEGUIMIENTO DO CUMPRIMENTO

(para o profesorado do equipo educativo)

Alumno/a: _____, Curso e grupo: _____

Profesora D./D^a _____ . Materia: _____

Data de inicio: _____ Data de finalización: _____

VALORACIÓN GLOBAL DO TRABALLO E ACTITUDE DO ALUMNO.
Asistencia puntual á clase.
Material da materia.
Traballo na clase.
Traballo na casa.
Participación na clase.
Presentación de traballos.
Presentación de exames.
Actitude cara a materia.
Actitude cara a aula (compañeiros, profesor, incidencias...)
Análise de resultados: <input type="checkbox"/> Mellor <input type="checkbox"/> Indiferente <input type="checkbox"/> Peor

A Coruña, ____ de _____ de 20__.

O/A Profesor/a

Asdo.: _____

ANEXO IV: SEGUIMENTO DO CUMPRIMENTO

(Ficha resumo do titor/a)

Alumno/a: _____, Curso e grupo: _____

Data de inicio: _____ Data de finalización: _____

Informes do profesorado.

--

Entrevista co alumno/a.

--

Entrevista coa familia.

--

RESULTADO DO COMPROMISO.	Non – Pouco – Regular – Moito - Si
Coñecer e facilitar o logro de obxectivos	
Comunicación habitual e positiva	
Mellora dos resultados	
Mellora de hábitos de estudo e esforzo	
Mellora da autonomía	
Mellora do comportamento	
Mellora da actitude máis respectuosa	
Mellora da integración	

A Coruña, ____ de _____ de 20__.

O/A Titor/a

Asdo.: _____

ANEXO V: **AVALIACIÓN DO COMPROMISO**

Alumno/a: _____, Curso e grupo: _____

Data da avaliación: _____

Membros avaliadores:
Procedemento de avaliación:
Valoración global dos obxectivos conseguidos.
Principais causas en caso de non consecución dos obxectivos.
RESULTADO DO COMPROMISO:
<input type="checkbox"/> Cumprimento
<input type="checkbox"/> Modificacións
<input type="checkbox"/> Anulación

A Coruña, ____ de _____ de 20 ____.

O director

Asdo.: _____